

ANUNCIO do 13 de xullo de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, de exposición pública para avaliación ambiental ordinaria do proxecto de ordenación forestal do monte "Aguieira, Rañal, Ameneiro e Miranda", na parroquia de Landoi, concello de Cariño. (PO-00020269Y)

No Servizo de Montes desta Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural na Coruña, se esta tramitando unha solicitude de aprobación do Proxecto de ordenación do monte "Aguieira, Rañal, Ameneiro e Miranda" na parroquia de Landoi, concello de Cariño, por solicitude dos seus propietarios a CMVMC de Landoi.

A superficie afectada é de 575,4952 hectáreas de acordo co proxecto de ordenación. O procedemento está regulado pola Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e polo Decreto 52/2014 do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia, sendo tamén de aplicación a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, modificada pola Lei 9/2018 do 5 de decembro (BOE 06/12/18), e segundo o disposto no seu artigo 36, comunícase a exposición pública do proxecto durante un prazo de trinta días, para que calquera persoa ou entidade poida consultalo e no seu caso presentar alegacións ao mesmo, como paso previo ao seu envío á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, que como Órgano Ambiental continuará a tramitación de avaliación de impacto ambiental e formulará a declaración de impacto ambiental que terá a natureza de informe preceptivo e determinante, determinando se procede ou non para os efectos ambientais, a realización do proxecto e, no seu caso, as condicións nas que pode desenvolverse, as medidas correctoras e as medidas compensatorias.

A autoridade forestal é a competente para autorizar a solicitude do proxecto de ordenación do monte veciñal.

Dende o día seguinte á publicación deste anuncio, o proxecto esta dispoñible para a súa consulta en horario de atención ao público no Servizo de Monte desta Xefatura Territorial, na rúa Vicente Ferrer, número 2, planta sexta norte na Coruña, e no portal Web da Consellería do Medio Rural onde pode consultarse na ligazón seguinte:

<http://mediorural.xunta.gal/gl/recursos/anuncios>

A Coruña 13 de xullo de 2022

José Manuel Santos Maneiro
Xefe territorial da Coruña

